



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	Comunicación inclusiva. Promóvese o uso dunha linguaxe inclusiva en todas as comunicacións tanto internas como externas.
	Entidade que a promove:
	Toldos Gómez
	Concello:
	Arzúa, Galicia

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

Toldos Gómez é unha empresa galega especializada no deseño, produción e instalación de sistemas de protección solar, téxtiles técnicos, e produtos industriais. Na análise previa da empresa, detectouse que nalgúns das súas comunicacións, tanto internas como externas, usábanse termos masculinizados e sexistas, o que non reflectía adecuadamente o compromiso da empresa coa igualdade de xénero. A pesar de ter xa unha política de igualdade implementada, as revisións periódicas identificaron áreas de mellora en canto ao uso da linguaxe, especialmente na documentación interna e a publicacións nas súas canles dixitais. Este diagnóstico serviu como base para rediseñar as súas políticas de comunicación.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

Toldos Gómez implantou un plan de acción para promover o uso dunha linguaxe inclusiva, que inclúe a revisión e actualización continua das súas comunicacións corporativas, web, redes sociais e documentos internos. Para asegurar a correcta implementación, creouse unha guía de uso inclusivo da comunicación e asígnase a responsabilidade a departamentos clave, como marketing e recursos humanos. Esta medida garante que as mensaxes proxectadas, tanto interna como externamente, respecten a igualdade de trato e oportunidades, eliminando expresións sexistas e usando denominacións neutras cando sexa posible.

RESULTADOS OBTIDOS

Os resultados desta boa práctica foron moi positivos. A empresa conseguiu proxectar unha imaxe máis inclusiva e respectuosa en todas as súas canles de comunicación. Ademais, a revisión continua do contido na web e redes sociais permitiu eliminar expresións sexistas e mellorar a representación das mulleres no ámbito profesional. Internamente, o persoal é máis consciente do impacto da linguaxe e o seu rol en promover unha cultura de igualdade, o que fortaleceu o compromiso xeral da empresa cara á equidade de xénero.